

# CONCELLO DE XOVE

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 16 DE XANEIRO DE 2015.

**Asistentes:**

**Alcalde-Presidente:**

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

**Vocais:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Meitin Guerreiro

D<sup>a</sup> Cristina Iglesias Guerreiro

**Secretario:**

D. Luís M<sup>a</sup> Fernández del Olmo

**Interventora:**

D<sup>a</sup> Elena Santos Rey

**Excusa a súa asistencia:**

D<sup>a</sup> Ana María Abad López

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as doce horas do día dezaseis de xaneiro de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario, D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebrar a sesión extraordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria. Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión.

### **A) APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.**

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior de 30 de decembro de 2014.

Non formulándose ningunha reclamación, queda aprobada por unanimidade a acta da sesión anterior de 30 de decembro de 2014.

### **B) LICENCIAS DE OBRA E APERTURA**

Neste punto non se adoptou ningún acordo.

### **C) CONTAS E FACTURAS**

Neste punto non se adoptou ningún acordo.

### **D) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL**

#### **D.1) ACORDO DE CONCESIÓN DOS PREMIOS PARA O CONCURSO DE KARAOKE 2014-2015.**

Visto o informe-proposta do Técnico de Cultura do Concello sobre a acta do xurado de selección consonte ó establecido na base VI do 4º Concurso de Karaoke de Nadal 2014-2015, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda:

1º) A Concesión dos premios reflectidos no informe-proposta referenciado, que a seguir se transcriben:

- **Categoría “PEQUES” (ata 12 anos):**

1º Premio “Mellor Voz”: Alejandro Parapar Fernández. Titora: Nuria Fernández Pérez con DNI: 77.595.576 Q . Premio de 40 €

2º Premio “Mellor Voz”: Judit Suárez Azogue. Titora: Brenda Suárez Azogue con DNI: 72.262.054 X. Premio de 40 €

Premio a “Mellor Caracterización”: Iago Rivas Balsa. Titor: Vanesa Balsa Arias, con DNI: 34.637.426 R. Premio de 40 €

- **Categoría “IUNIOR” (DE 12 ata 18 anos):**

1º Premio “Mellor Voz”: Elena Valle García. Titora: Reyes García Novoa, con DNI: 33.308.481-L . Premio de 70 €

2º Premio “Mellor Voz”: Nerea Rivas Balsa. Titora: Vanesa Balsa Arias, con DNI: con DNI: 34.637.426 R. Premio de 70 €

Premio a “Mellor Caracterización”: Tania Fernández Fernández, Lucía Sánchez Corbelle, Lara Rodríguez Baño E Laura García Maseda. Titor: Begoña Fernández Mogo, con DNI: 33.991.734 B. Premio de 70 €

- **Categoría “VETERANOS” (maiores de 18 anos):**

- 1º Premio “Mellor Voz”: Laura Míguez Ramos, con DNI: 33.993.625 Q. Premio de 130 €
- 2º Premio “Mellor Voz”: Maria Isabel Pernas Fra, con DNI: 34.636.336-S. Premio de 130 €
- Premio a “Mellor Caracterización”: Nuria Lestegás Pérez., con DNI: 33.996.411-L. Premio de 130 €

*Lémbrese que o establecemento comercial no que o beneficiario decida gastar o seu premio, deberá emitir factura a nome deste ou do seu titor legal, para o caso de menores de idade, especificando o premio e a categoría na que o beneficiario resultou ganador, tal e como conste no cheque-regalo. A factura deberá presentarse polo beneficiario na Tesourería do Concello para o cobro do premio.*

## **D.2) ACORDO DE CONCESIÓN DOS PREMIOS PARA O CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL 2014-2015.**

Visto o informe-proposta do Técnico de Cultura do Concello sobre a acta do xurado de selección consonte ó establecido na base VII das que regulan a concesión de premios do Concurso de Confección de Postais de Nadal para 2014, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda:

1º) A Concesión dos premios reflectidos no informe-proposta referenciado, que a seguir se transcriben:

### **Categoría Preescolar ( 3,5 e 5 anos)**

- Carla Casabella Puñal
- Paula Sánchez Pernas
- Aroa Pita Rodríguez

### **Categoría 1º e 2º de Primaria**

- Enma Buján Rouco
- Alicia Fernández Vicente
- Daniel Bertolo Casabella

### **Categoría 3º e 4º de Primaria**

- Iago Pérez Teijeira
- Brais Fernández Fernández
- Iker Costa González

### **Categoría 5º e 6º de Primaria**

- Abel Bouza Bermúdez
- Nerea Díaz Díaz
- Kevin Castro Piñeiroa

### **Categoría 1º a 4º de ESO**

- Tania Fernández Fernández
- Noel Quelle Martinez
- Aharón Díaz Palacios

*Pola súa consideración de premio en especie, o establecemento ou establecementos comerciais nos que se adquiran os lotes de libros ou material escolar, deberá emitir factura a nome do beneficiario do premio ou do seu titor legal. Non obstante dita factura será abonada polo Concello.*

## **D.3) BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO CONCURSO DE DISFRACES DO DESFILE DE ANTROIDO DO CONCELLO DE XOVE 2015.**

Por Secretaría dáse conta das bases reguladoras e da convocatoria dos premios do concurso de disfraces de Antroido 2015, que se transcriben literalmente de seguido:

### **“ BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE DISFRACES DO DESFILE DE ANTROIDO DO CONCELLO DE XOVE**

*O Concello de Xove, consonte ao previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no que sexa de aplicación, os*

RD 887/2006, de 21 de xullo e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, e ao obxecto de incentivar a participación cidadá nos actos programados para o Sábado de Entroido, con motivo da celebración do desfile de Antroido, establece as normas reguladoras da participación, as axudas económicas e dos premios que se outorgarán aos participantes que interveñan nos citados actos, de acordo coas seguintes

#### **BASES**

##### **PRIMEIRA.- DEFINICIÓN DO OBXECTO**

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do concurso de disfraces do desfile de Antroido organizado polo Concello de Xove.

##### **SEGUNDA.- REQUISITOS DOS PARTICIPANTES**

Poderán participar no concurso e ser beneficiarios destas axudas, calquera particular, asociación ou entidade legalmente constituída así como os “grupos ocasionais” que cumpran as condicións previstas nestas bases. Neste último caso, os seus integrantes deberán nomear un representante debidamente autorizado para actuar no nome do grupo. Só poderá presentarse unha solicitude por entidade ou grupo.

A documentación a presentar será a seguinte:

###### **1.- Particulares**

-Ficha de inscrición establecida ao efecto

-Copia do N.I.F. do concursante ou titor, para o caso de menores de idade

###### **2.- Asociacións legalmente constituídas e “grupos ocasionais”.**

-Ficha de inscrición establecida ao efecto. Deberá indicarse o nome, apelidos e N.I.F. do representante do grupo.

-Copia do N.I.F. do representante do grupo

-Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (só para o caso de asociacións legalmente constituídas)

A ficha de inscrición deberá presentarse en todo caso, con carácter previo á celebración do desfile, ben personándose nas dependencias do Concello de Xove-Oficina do Técnico de Cultura ata o venres anterior á data de celebración do desfile, ou ben o mesmo día do desfile no punto de saída (Nave-almacén sita á carón do campo de fútbol municipal) ata media hora antes do comezo do desfile. A restante documentación poderá presentarse de xeito simultáneo á ficha de inscrición ou, en todo caso, con carácter previo ao acordo de concesión dos premios. Serán rexeitados aqueles participantes que aínda constando como beneficiario dun premio na acta asinada polo xurado do concurso, non entreguen a documentación que se recolle neste artigo antes do acordo de concesión.

##### **TERCEIRA.- NORMAS DO DESFILE**

Para participar no concurso será necesario cumprir as seguintes normas:

-Ter colocado en todo momento o dorsal que será facilitado polo organización do desfile

-Gardar o orden de saída durante todo o desfile deixando unha distancia prudente entre participantes

-Será de competencia do xurado valorar a impuntualidade dos participantes

-Se os participantes se acompañan de calquera tipo de artillugio ou artefacto, deberán velar en todo momento polas seguridade daqueles e do público asistente, quedando prohibida a utilización de calquera material pirotécnico.

-Está permitido levar animais ao desfile sempre que non representen un perigo para o resto dos participantes e o público asistente, non estando non obstante permitido o seu maltrato podendo ser esta actuación causa de expulsión do concurso e consecuente descalificación.

-Non se permitirán representación de carácter obsceno que podan ferir a sensibilidade dos espectadores, moitos deles nenos.

-É imprescindible ir ataviados co disfraz no momento da entrega de premios, que se efectuará o mesmo día do desfile, en horario de tarde coincidindo co baile infantil e en horario de noite, coincidindo co baile de maiores.

#### **CUARTA.- COMPOSICIÓN DO XURADO**

O xurado estará composto como mínimo por tres membros designados pola organización do concurso.

#### **QUINTA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO**

A contía máxima destinada aos presentes premios é de 3.000,00 € (partida 338.481 do Estado de Gastos do vixente Orzamento Municipal).

#### **SEXTA.- PREMIOS**

##### Carrozas.

1º premio: 450 euros

2º premio: 250 euros

3º premio (2 premios): 150 euros cada premio

##### Comparsas e grupos de dez persoas ou máis

1º premio: 250 euros

2º premio: 200 euros

3º premio (2 premios): 125 euros cada premio

##### Grupos de 3 a 9 persoas

1º premio: 110 euros

2º premio: 80 euros

3º premio (2 premios): 50 euros cada premio

##### Parellas adultos (de 14 anos en diante)

1º premio: 60 euros

2º premio: 50 euros

3º premio (2 premios): 40 euros cada premio

##### Parellas infantís (menores de 14 anos)

1º premio: 60 euros

2º premio: 50 euros

3º premio: 40 euros cada premio

##### Individuais adultos (de 14 anos en diante)

1º premio: 50 euros

2º premio: 40 euros

3º premio (2 premios): 30 euros cada premio

##### Individuais infantil (menores de 14 anos)

1º premio: 50 euros

2º premio: 40 euros

3º premio ( 2 premios): 30 euros cada premio

Premio ao disfraz máis orixinal (pode ser tanto individual como colectivo): 30,00 euros

Premio ao participante máis maior: 30,00 euros

Premio ao conxunto máis numeroso: 30,00 euros

Asímesmo, o participante máis novo recibirá un agasallo.

A contía dos premios anteriores é líquida. O RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, suxeita a retención os premios de contía superior a 300 euros. A porcentaxe de retención regulada no artigo 101.7 da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, será de 19%.

De acordo co anterior, a contía bruta do primeiro premio da categoría de carrozas será de 555,55 euros e do segundo, de 308,64 euros. Do mesmo xeito, a contía bruta do primeiro premio de comparsas e grupos de dez persoas ou máis será de 308,64 euros.

#### **SÉTIMA.- PROCEDIMENTO DE ENTREGA DE PREMIOS**

Unha vez rematado o desfile, o xurado levantará acta na que consten os premiados por orde decrecente e por categorías. Os premios serán entregados en dito momento en metálico por representantes do Concello debendo ser asinado o pertinente “recibín” polos beneficiarios, sempre e cando se dispoña da documentación requirida na Base Segunda. No caso de menores, o recibín será asinado polo titor ou representante legal.

#### **OITAVA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A presentación da ficha de inscrición supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas. A organización do concurso resérvase o dereito de calquera modificación que por forza maior se vira obrigada a efectuar.

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente á xestión e tramitación do expediente correspondente.

**DISPOSICIÓN FINAL.**-As presentes Bases permanecerán en vigor para os vindeiros exercicios en tanto en canto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

### **CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS DO CONCURSO DE DISFRACES DO DESFILE DE ANTROIDO 2015**

O Concello de Xove, dentro do marco das competencias que ten atribuídas pola lexislación vixente ten como obxectivo potenciar a participación cidadá nos actos programados para o sábado de Antroido, e realiza para tal fin a convocatoria de premios do concurso de disfraces a celebrar o día 14 de febreiro, coas seguintes especificacións:

#### **1.- Entidade adxudicadora**

a.- Organismo: Xunta de Goberno Local do Concello de Xove

b.- Departamento que tramita o expediente: Concellería de Cultura

**2.- Obxecto.-** Concesión de premios do concurso de disfraces do desfile do sábado de Antroido (14 de febreiro) organizado polo Concello de Xove.

**3.- Orzamento.-** A contía máxima prevista destinada aos presentes premios é de 3.000,00 €, con cargo á partida 338.481 do Estado de Gastos do vixente Orzamento Municipal.

#### **4.- Contía dos premios**

##### Carrozas.

1º premio: 450 euros

2º premio: 250 euros

3º premio (2 premios): 150 euros cada premio

##### Comparsas e grupos de dez persoas ou máis

1º premio: 250 euros

2º premio: 20 euros

3º premio (2 premios): 125 euros cada premio

##### Grupos de 3 a 9 persoas

1º premio: 110 euros

2º premio: 80 euros

3º premio (2 premios): 50 euros cada premio

##### Parellas adultos (de 14 anos en diante)

1º premio: 60 euros

2º premio: 50 euros

3º premio (2 premios): 40 euros cada premio

##### Parellas infantís (menores de 14 anos)

1º premio: 60 euros

2º premio: 50 euros

3º premio: 40 euros cada premio

Individuais adultos (de 14 anos en diante)

1º premio: 50 euros

2º premio: 40 euros

3º premio (2 premios): 30 euros cada premio

Individuais infantil (menores de 14 anos)

1º premio: 40 euros

2º premio: 30 euros

3º premio ( 2 premios): 20 euros cada premio

Premio ao disfraz mais orixinal (pode ser tanto individual como colectivo): 30,00 euros

Premio ao participante máis maior: 30,00 euros

Premio ao conxunto máis numeroso: 30 euros

Asímesmo, o participante máis novo recibirá un agasallo.

A contía dos premios anteriores é líquida. O RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, suxeita a retención os premios de contía superior a 300 euros. A porcentaxe de retención regulada no artigo 101.7 da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, será de 19%.

De acordo co anterior, a contía bruta do primeiro premio da categoría de carrozas será de 555,55 euros e do segundo, de 308,64 euros. Do mesmo xeito, a contía bruta do primeiro premio de comparsas e grupos de dez persoas ou máis será de 316,46 euros.

#### **5.- Requisitos dos participantes**

Poderán participar no concurso e ser beneficiarios destas axudas, calquera particular, asociación ou entidade legalmente constituída así como os “grupos ocasionais” que cumpran as condicións previstas nestas bases. Neste último caso, os seus integrantes deberán nomear un representante debidamente autorizado para actuar no nome do grupo. Só poderá presentarse unha solicitude por entidade ou grupo.

A documentación a presentar será a seguinte:

##### **1.- Particulares**

-Ficha de inscrición establecida ao efecto

-Copia do N.I.F. do concursante ou titor, para o caso de menores de idade

##### **2.- Asociacións legalmente constituídas e “grupos ocasionais”.**

-Ficha de inscrición establecida ao efecto. Deberá indicarse o nome, apelidos e N.I.F. do representante do grupo.

-Copia do N.I.F. do representante do grupo

-Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (só para o caso de asociacións legalmente constituídas)

A ficha de inscrición deberá presentarse en todo caso, con carácter previo á celebración do desfile, ben personándose nas dependencias do Concello de Xove-Oficina do Técnico de Cultura ata o venres anterior á data de celebración do desfile, ou ben o mesmo día do desfile no punto de saída (Nave-almacén sita á carón do campo de fútbol municipal) ata media hora antes do comezo do desfile. A restante documentación poderá presentarse de xeito simultáneo á ficha de inscrición ou, en todo caso, con carácter previo ao acordo de concesión dos premios. Serán rexeitados aqueles participantes que aínda constando como beneficiario dun premio na acta asinada polo xurado do concurso, non entreguen a documentación que se recolle neste artigo antes do acordo de concesión.

**6.- Normas do desfile.-**Para participar no concurso será necesario cumprir as seguintes normas:

-Ter colocado en todo momento o dorsal que será facilitado polo organización do desfile



*-Gardar o orden de saída durante todo o desfile deixando unha distancia prudente entre participantes*

*-Será de competencia do xurado valorar a impuntualidade dos participantes*

*-Se os participantes se acompañan de calquera tipo de artilugio ou artefacto, deberán velar en todo momento polas seguridade daqueles e do público asistente, quedando prohibida a utilización de calquera material pirotécnico.*

*-Está permitido levar animais ao desfile sempre que non representen un perigo para o resto dos participantes e o público asistente, non estando non obstante permitido o seu maltrato podendo ser esta actuación causa de expulsión do concurso e consecuente descalificación.*

*-Non se permitirán representación de carácter obsceno que podan ferir a sensibilidade dos espectadores, moitos deles nenos.*

*-É imprescindible ir ataviados co disfraz no momento da entrega de premios, que se efectuará o mesmo día do desfile, en horario de tarde coincidindo co baile infantil e en horario de noite, coincidindo co baile de maiores.*

#### **7.- Procedemento de entrega de premios**

*Unha vez rematado o desfile, o xurado levantará acta na que consten os premiados por orde decrecente e por categorías. Os premios serán entregados en dito momento en metálico por representantes do Concello debendo ser asinado o pertinente “recibín” polos beneficiarios, sempre e cando se dispoña da documentación requirida na Base Segunda. No caso de menores, o recibín será asinado polo titor ou representante legal.*

**8.-Outras informacións:** *Concelleira de Cultura ou Técnico Municipal de Cultura. Tflo. 982.59.20.01“*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

Acorda:

- 1º.- Aprobar as bases reguladoras do Concurso de Disfraces do desfile de Antroido.
- 2º.- Proceder á convocatoria pública do premios para o Antroido 2015
- 3º.- Autorizar o gasto de 2.982,83 € con cargo á partida 338.481 do Estado de Gastos de 2014 prorrogado para 2015.
- 4º.- Ordear a súa publicación na páxina web municipal e mediante anuncios no taboleiro de anuncios do concello ou calquera outro medio.

### **D.4) CONVOCATORIA DOS PREMIOS DO CONCURSO DE CARETAS DE ANTROIDO 2015.**

Por Secretaría dáse conta da convocatoria que se transcriben de seguido:

#### **“CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS DO CONCURSO DE CARETAS DE ANTROIDO 2015**

*O Concello de Xove, dentro do marco das competencias que ten atribuídas pola lexislación vixente ten como obxectivo potenciar a participación cidadá nos actos programados para o Antroido, e realiza para tal fin a convocatoria de premios do Concurso de Caretas de Antroido, coas seguintes especificacións:*

##### **1.- Entidade adxudicadora**

*a.- Organismo: Xunta de Goberno Local do Concello de Xove*

*b.- Departamento que tramita o expediente: Concellería de Cultura*

**2.- Obxecto.-** *Concesión de premios do concurso de caretas de Antroido organizado polo Concello de Xove*

**3.- Orzamento e tramitación anticipada do gasto.-** *A contía máxima prevista destinada aos presentes premios é de 300,00 €, con cargo á partida 334.481 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal.*

**4.- Contía dos premios.-** Haberá cinco categorías: Preescolar (nenos/as de 3,4 e 5 anos); 1º e 2º de Primaria; 3º e 4º de Primaria; 5º e 6º de primaria e 1º a 4º de ESO. En cada unha destas categorías haberá tres premios, un primeiro, un segundo e un terceiro premio.

Os premios consistirán en lotes de material escolar valorados en 20 euros. O xurado poderá deixar deserto calquera dos premios, se así o considera oportuno.

De acordo co RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, non están suxeitos a retención ningún dos anteriores premios.

**5.- Requisitos dos participantes**

Poderá participar no concurso e ser beneficiario destas axudas calquer/a neno/a ou rapaz/rapaza empadroad/a no Concello de Xove en idade escolar (desde preescolar ata 4º de ESO)

A documentación a presentar será a seguinte:

-Ficha de inscrición establecida ao efecto.-A ficha de inscrición deberá presentarse, xunto coa postal a concursar na Biblioteca Municipal con data límite 2 de febreiro.

**6.- Procedemento de entrega de premios**

Unha vez rematado o prazo de entrega de postais, o xurado reunirse e levantará acta na que consten os premiados por orde decrecente e por categorías. O fallo do xurado darase a coñecer antes do 10 de febreiro, e os premios ás mellores caretas entregaranse o mesmo día da entrega de premios do Desfile de Antroido.

Sobre a acta do xurado, emitirase informe-proposta polo Técnico Municipal de Cultura, que se elevará á Xunta de Goberno Local, órgano competente para a concesión dos premios.

Pola súa consideración de premio en especie, o establecemento ou establecementos comerciais nos que se adquiran os lotes de material escolar, deberá emitir factura a nome do beneficiario do premio ou do seu titor legal. Non obstante dita factura será abonada polo Concello.

**8.-Outras informacións.-** Concelleira de Cultura ou Técnico Municipal de Cultura. Tflo. 982.59.20.01

**Bases vixentes aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión de 30 de xaneiro de 2014”**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º.- Aprobar a convocatoria dos Premios do Concurso de Caretas de Antroido, segundo as Bases Reguladoras aprobadas na Xunta de Goberno Local de 30 de xaneiro de 2014.

2º.- Autorizar o gasto de 300,00 € con cargo á partida 334.481 do Estado de Gastos para o exercicio de 2015.

3º.-Ordear a súa publicación na páxina web municipal e mediante anuncios no taboleiro de anuncios do concello ou calquera outro medio.

**D.5) APROBACION DE BASES E CONVOCATORIA PARA AXUDA A EMERXENCIA SOCIAL 2015.**

Por Secretaría dáse conta das Bases Reguladoras e da convocatoria que se transcriben de seguido:

**“BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*A solidariedade constitúe un dos pilares do noso Estado Social e Democrático de Dereito. A nosa Constitución reconece aos cidadáns e cidadanas así como aos grupos en que estes se integran, o dereito á igualdade social, real e efectiva, á superación de todo tipo de discriminacións e á eliminación dos obstáculos que imposibiliten o seu pleno desenvolvemento, tanto persoal como social.*

*O Concello de Xove desde fai anos puxo en marcha unha liña complementaria de axudas de emerxencia social, ao obxecto de paliar situacións vitais de dificultade persoal e familiar, derivadas da imposibilidade de atender determinados gastos básicos para a supervivencia ou para o mantemento de unha forma de vida digna.*

*Deste xeito, as axudas de emerxencia social permiten atender urxentemente as necesidades básicas cidadáns máis apremiantes, paliando a exclusión social dos cidadáns, se ben en todo caso teñen un carácter complementario das prestacións económicas individualizadas da Xunta de Galicia. Deste*



*xeito, as axudas de emerxencia social aplicaranse como recurso económico en todos os casos nos que as situacións de marxinación social non podan atenderse mediante aquelas outras prestacións. As presentes Bases tratan de aunar o obxectivo da atención efectiva ás necesidades sociais e o establecemento de un procedemento normativo áxil, pois tan importante é dispoñer de un instrumento normativo que asegure os principios de igualdade e equidade como que o procedemento que desenvolva permita actuar con dilixencia para resolver con inmediatez os problemas de marxinación social.*

*Debe mencionarse que o procedemento establecido por estas bases é o de concorrencia non competitiva que fixa a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, pois resulta implícita nas prestacións a conceder e nas condicións sociais dos propios beneficiarios, as razóns de interese público, social, humanitarias e outras que dificultan unha convocatoria pública, de maneira que se concederán axudas aos solicitantes que cumpran cos requisitos para ser beneficiarias, na orde de presentacións das mesmas e ata o límite da contía presupostaria habilitada.*

#### **BASES REGULADORAS**

**PRIMEIRA.- RÉXIME XURÍDIDO.-** *A concesión das prestacións municipais baixo a denominación de axudas de emerxencia social rexearse directamente polo disposto nas presentes bases, pola Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove, Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no que sexa de aplicación, os RD 887/2006, de 21 de xullo e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro.*

#### **SEGUNDA.- OBXECTO E NATUREZA**

*1.- Constitúe obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento de axudas de emerxencia social, consideradas tales como as prestacións económicas de carácter non periódico destinadas a aquelas persoas cuxos recursos resultan insuficientes para facer fronte a gastos específicos de carácter ordinario ou extraordinario necesarios para previr, evitar ou paliar situacións de marxinación social.*

*2.- Están dirixidas a persoas individuais ou unidades familiares que carezan de medios e nas que concorran factores de risco, constituíndo en todo caso, un apoio á intervención social que se xestione para a integración das persoas ou unidades afectadas.*

*3.- As axudas de emerxencia social terán en todo caso natureza finalista, debendo destinarse unicamente ao obxecto para o que foron concedidas.*

*4.- terán carácter intransferible e polo tanto non poderán:*

*a) Ofrecerse en garantía de obrigas*

*b) Ser obxecto de cesión total ou parcial*

*c) Ser obxecto de compensación ou desconto, salvo para o reintegro das prestacións*

*indebidamente percibidas*

#### **TERCEIRA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO**

*A contía máxima destinada ás presentes axudas é de 5.000,00 € (partida 231.480 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal).*

*Ao tratarse de un procedemento administrativo que non leva aparellado o esgotamento do crédito nun só acto de concesión senón que a súa disposición se realiza en actos sucesivos, e tal e como dispón o artigo 31.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no momento do esgotamento da partida orzamentaria asignada non poderán admitirse posteriores solicitudes destinadas a participar del, salvo que se recorra a un incremento do crédito orzamentario ou se recorra a unha nova convocatoria, do xeito establecido no artigo 31.2 da lei anterior.*

#### **CUARTA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN**

*Sempre e cando se reúnan os requisitos establecidos nas seguintes bases, exceptúase o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas non sendo necesario polo tanto a comparación entre as mesmas, co límite do crédito orzamentario existente para a convocatoria.*

#### **QUINTA.- TIPOS DE AXUDAS E CONTÍAS**

### 5.1.- Tipos de axudas

1.- *Situacións derivadas da falta de recursos económicos que impidan a cobertura das necesidades básicas:*

a) *Axudas paliativas de situacións de necesidade persoal tales como alimentación, roupa, vestido, axudas á escolarización, etc.*

b) *Axudas dirixidas ó mantemento da vida no propio domicilio (situacións carenciais que non se contemplan nos programas de axuda a domicilio ou de educación familiar), tales como adquisición de mobiliario ou electrodomésticos de primeira necesidade, reparacións urxentes, luz e auga corrente, creación de sanitarios, etc.*

2.- *Situacións imprevisibles de emerxencia que xeren un gasto especial, axudas de carácter puntual ás que os usuarios non podan facer fronte por carencia de recursos:*

a) *Desafiuzamentos*

b) *Incendios ou catástrofes naturais que afecten gravemente á vivenda*

c) *Accidentes de calquera tipo que afecten gravemente á economía familiar e que impliquen a realización de gastos de carácter extraordinario e urxente.*

3.- *Situacións especiais sobrevidas por causa do padecemento dunha enfermidade grave que implique traslados, tratamentos, axudas técnicas ou calquera outra necesidade que requira gastos adicionais de importancia, e que non estean cubertas na súa totalidade polo sistema público de saúde.*

4.- *Situacións que provoquen ou tendan a provocar a marxinación de persoas que as padecen (drogadicción, alcoholismo, persoas sen teito...)*

5.- *En ningún caso se concederá unha axuda de emerxencia social para o pagamento de obrigas tributarias, débedas coa Seguridade Social, multas ou taxas municipais así como gastos derivados de unha sentenza xudicial.*

6.- *Para o caso particular de transeúntes, poderán concederse axudas en especie consistentes en vales de comida por importe máximo de 15 euros con un tope máximo de tres vales anuais.*

*Igualmente, para o caso particular de persoas drogodependentes, poderán concederse axudas en especie consistentes no abono do billete de transporte para o traslado á Unidade Asistencial de Drogodependencia de Burela, condicionado á emisión de informe mensual de asistencia pola responsable da U.A.D.*

### 5.2.- Contías

*En todo caso, a determinación da contía económica concreta das axudas virá dada polas disponibilidades presupostarías existentes.*

*As contías a conceder non superarán o orzamento de gastos presentado polo solicitante de acordo coa Base Sétima. Non obstante, terán os límites anuais que se especifican a continuación:*

***Alimentación, vestido e/ou enxoval doméstico:*** *Tres meses consecutivos ou ben unha vez cada catro meses ao longo do ano.*

*Según os membros da unidade económica de convivencia o tope máximo será de:*

*U.E.C. de 1 ou 2 membros: Ata un tope máximo de 600 euros anuais.*

*U.E.C. de 3 membros: Ata un tope máximo de 650 euros anuais.*

*U.E.C. de 4 membros: Ata un tope máximo de 700 euros anuais.*

*U.E.C. de 5 ou máis membros: Ata un tope máximo de 800 euros anuais.*

***Leite maternizada e/ou pañais:*** *Seis meses consecutivos ata un tope máximo de 400 euros con informe médico xustificativo da necesidade da mesma.*

***Atención sanitaria:*** *3 meses consecutivos, ou ben unha vez cada catro meses ó longo do ano ata un tope máximo de 600 euros e con informe médico xustificativo de que o medicamento/tratamento, elemento protésico e/ou axudas técnicas non se poida adquirir polo Sergas. No caso que sexa posible, a emerxencia social, cubrirá ata un máximo do 50% do custo.*

***Gastos de vivenda:***

*Habitabilidade: O importe total en ningún caso excederá de 200 euros no prazo máximo de 1 ano.*

*Mantemento: O importe total en ningún caso excederá de 240 euros no prazo máximo de 1 ano.*

*Impago de subministro da vivenda: O importe total en ningún caso excederá de 150 euros no prazo máximo de 1 ano.*

**Actividades extraescolares:**

*Aquelas que se leven a cabo a través das ANPAS e outras entidades de carácter social e que teñan como obxectivo a integración: ata un máximo de 200 euros por unidade económica de convivencia por curso escolar.*

*Con carácter xeral, as axudas tramitaranse para atender un só concepto, e só con carácter excepcional motivado mediante informe da traballadora social poderán especificarse varios conceptos, en cuxo caso o importe máximo da axuda será o que corresponda á suma de ambos conceptos, sen que en ningún caso podan superarse as contías máximas determinadas para a anualidade correspondente.*

**SEXTA.- BENEFICIARIOS DAS AXUDAS**

*Poderán solicitar unha axuda de emerxencia social, para sí ou para a unidade familiar, as persoas maiores de idade empadroadas e con residencia efectiva no Concello de Xove cunha antelación de seis meses ao feito causante da solicitude. Excepcionalmente, mediante informe social valorativo, poderán ser beneficiarios destas axudas aquelas persoas empadroadas e con residencia en Xove que se atopen nunha situación de urxencia social, aínda cando non cumpran o período mínimo de empadroamento establecido.*

*Na unidade familiar tan só unha persoa pode ter a condición de beneficiario, aínda que a axuda se outorgue en beneficio da unidade.*

*A estes efectos, enténdese por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e, no seu caso, os fillos e fillas menores de 18 anos, con excepción dos que, con consentimento dos pais vivan independentes destes, e os fillos maiores de 18 anos cunha minusvalía superior ao 33% e os incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada ou os así declarados pola administración autonómica. Nos casos de separación legal ou cando non existira vínculo matrimonial, a unidade familiar estará formada polo pai ou nai e tódolos fillos e fillas que convivan con un ou outro e reúnan os requisitos descritos no parágrafo anterior.*

**SÉTIMA.- SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN**

*1.- Os interesados na obtención destas axudas deberán formular a súa solicitude no modelo establecido ao efecto, acompañando a seguinte documentación:*

- D.N.I. do solicitante*
- Libro de Familia, senteza de separación ou divorcio ou no seu caso, certificado de rexistro de parellas de feito expedido pola Comunidade Autónoma.*
- Certificado de Empadroamento*
- Orzamento de Gastos para os que solicita a axuda (só naqueles casos que sexa posible)*
- Certificación da conta bancaria á que se pode transferir, no seu caso, o importe da axuda*
- Xustificantes de ingresos referidos a todos os membros da unidade económica de convivencia que serán os seguintes:*
  - a)Declaración da renda correspondente ao último ano exercicio ou certificado de rendas expedido pola Delegación da Axencia Tributaria.*
  - b)Nóminas actualizadas de todos membros da unidade económica de convivencia.*
  - c)No caso de percibir una pensión de xubilación, viudedade, orfandade ou incapacidade, deberá presentarse xustificantes do Organismo correspondente.*
  - d)No caso de percibir axudas públicas por calquera concepto, certificado ou xustificante ao respecto do organismo dende onde se conceda, no seu defecto chegar certificación negativa.*

e) Calquera outro documento que acredite a carencia ou o nivel de ingresos da persoa ou da unidade familiar.

En caso de insuficiente xustificación documental da situación económica por resultar imposible dispor dela, requirirase ao solicitante que aporte unha declaración responsable na que se faga constar, no seu caso, a carencia absoluta de rentas familiares.

-Declaración responsable de non atoparse incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario, no modelo que se facilitará ao efecto (artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións)

-Declaración xurada de outras axudas solicitadas ou concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados para a mesma finalidade ou que teñan o carácter de axuda de emerxencia social.

-Para o caso particular e excepcional dos transeúntes a única documentación que deberán aportar será una fotocopia do N.I.F ou calquera outra documentación que acredite a súa identidade.

2.- As solicitudes poderán presentarse no Rexistro Municipal do Concello ben de xeito presencial ou por calquera outro procedemento previsto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

No caso de adoeecer de defectos subsanables, requirirase, no seu caso, ao interesado para que proceda á subsanación de erros ou para a aportación da documentación necesaria nun prazo de 10 días hábiles, apercibíndolle que en caso contrario entenderáselle por desistido da súa petición, de conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

3.- Poderán presentarse solicitudes durante todo o ano natural ata o límite máximo do crédito orzamentario.

#### **OITAVA.- INSTRUCCIÓN E TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO**

1.- A instrución do procedemento corresponderá ao Departamento de Servizos Sociais. A traballadora social ditará o Informe-Proposta de Resolución debidamente motivada (situación de necesidade extraordinaria, situación económica do solicitante ou da unidade familiar, etc.), que en cada caso proceda e realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos que se debe formular a proposta de resolución.

3.- A resolución notificarase aos interesados de xeito ordinario e concederáselles un prazo de 10 días para a presentación de alegacións. Prescindirase deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos ou outras alegacións e probas que as aducidas polas persoas interesadas. Neste caso, a proposta de resolución provisional formulada terá o carácter de definitiva.

4.- As propostas de resolución provisionais e definitivas non crean ningún dereito a favor da persoa beneficiaria proposta, fronte á administración, mentres non se lle notificara a resolución definitiva de concesión.

5.- A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de axudas corresponderá á Xunta de Goberno Local. Non obstante e dado o carácter de urxencia de moitas das axudas que podan concederse debido á propia definición das mesmas, concederanse mediante Resolución de Alcaldía, da que se dará conta á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que se celebre con posterioridade.

#### **NOVENA.- CAUSAS DE DENEGACIÓN DAS SOLICITUDES**

Serán denegadas motivadamente aquelas solicitudes nas que pese a cumprir cos requisitos establecidos nas presentes bases, poida concorrer algunha das seguintes circunstancias:

1.- Que exista persoa legalmente obrigada e con posibilidade de prestar axuda ao solicitante

2.- Que a axuda solicitada non sexa adecuada para a resolución da problemática plantexada

3.- *Que non exista crédito suficiente para a atención da solicitude*

4.- *Que no prazo dos doce meses anteriores á solicitude lle fose extinguida ou revogada calquera outra axuda ou prestación social por incumprimento por parte do beneficiario das condicións establecidas na súa concesión.*

5.- *Que non se xustificasen debidamente as axudas concedidas.*

#### **DÉCIMA.- MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN**

*Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e eventualmente á súa revogación e reintegro, se fose o caso.*

#### **UNDÉCIMA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS**

*Os solicitantes das axudas están obrigados a:*

- Aplicar as prestacións económicas á finalidade para a que se outorgaron*
- Comunicar ao servizo social do Concello todas aquelas variacións habidas na súa situación socio-familiar, que podan modificar as circunstancias que motivaron a solicitude.*
- Reintegrar o importe das prestacións indebidamente percibidas*
- Comparecer ante o Concello e colaborar co mesmo cando sexa requerido para iso con motivo da xestión das prestacións de emerxencia.*

#### **DUODÉCIMA.- PRAZO E DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DO GASTO**

*As axudas concedidas deberán estar xustificadas en todo caso antes da finalización do exercicio.*

*As axudas concedidas xustificaranse mediante factura (ou documento xustificativo equivalente) do gasto realizado no concepto para o que foran concedidas.*

*Deberá aportarse ademais a seguinte documentación:*

*-Declaración xurada de outras axudas concedidas para a mesma finalidade por outras administracións ou entes públicos ou privados*

*-Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos e condicións da axuda así como da realización do gasto subvencionado e o cumprimento da finalidade para a que aquela foi concedida (modelo que se facilitará ao efecto)*

*-Consonte á previsión establecida no artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (salvo que pola natureza da subvención se exceptúe pola súa normativa reguladora), dado que a normativa autonómica tamén se pronuncia no mesmo sentido, exonérase do requisito de estar ao corrente das obrigas tributarias aos beneficiarios deste tipo de axudas, posto que precisamente van dirixidas a paliar situacións excepcionais de emerxencia social e coas que se pretende cubrir necesidades específicas de carácter básico e urxente, tales como gasto imprescindibles para o uso da vivenda habitual, necesidades básicas familiares ou nos que concorran outras circunstancias de gravidade, dificilmente conciliables co requisito de estar ao corrente coas obrigas tributarias.*

#### **DÉCIMOSEGUNDA.- REVOGACIÓN DAS AXUDAS**

*A utilización da axuda para finalidade distinta daquela para a que foi concedida constituirá causa determinante da revogación da axuda e do seu inmediato reintegro, previo requirimento polo órgano competente.*

*Igualmente, a falsidade ou ocultamento de calquera dos datos declarados polos solicitantes poderá dar lugar á revogación da axuda solicitada e a esixencia do reintegro das cantidades entregadas, no seu caso.*

#### **DÉCIMOTERCEIRA.- COMPATIBILIDADES**

*Ningunha das axudas previstas nas presentes bases é incompatible con calquera outra axuda concedida por outras administracións ou institucións, públicas ou privadas, sempre que en todo caso, o montante global das axudas non supere o custo económico da necesidade que se pretende atender.*

*Serán incompatibles estas axudas de emerxencia co disfrute de servizos dispensados por outras administracións ou institucións, públicas ou privadas, que atendas integramente a mesma finalidade ou necesidade.*

#### **DÉCIMOCUARTA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

*A presentación dunha solicitude de axuda supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas.*

*A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente.*

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

*As presentes Bases entrarán en vigor no momento da súa aprobación e publicación na páxina web municipal [www.xove.es](http://www.xove.es) e permanecerán en vigor en tanto en canto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.*

### **CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O EXERCICIO 2015**

#### **1.- Entidade adxudicadora**

*a.- Organismo: Xunta de Goberno Local do Concello de Xove*

*b.- Departamento que tramita o expediente: Departamento de Servizos Sociais*

**2.- Obxecto.-***Concesión de axudas de emerxencia social, consideradas tales como as prestacións económicas de carácter non periódico destinadas a aquelas persoas cuxos recursos resultan insuficientes para facer fronte a gastos específicos de carácter ordinario ou extraordinario necesarios para previr, evitar ou paliar situacións de marxinação social.*

**3.- Beneficiarios.-***Poderán solicitar unha axuda de emerxencia social, para sí ou para a unidade familiar, as persoas maiores de idade empadroadas e con residencia efectiva no Concello de Xove cunha antelación de seis meses ao feito causante da solicitude. Excepcionalmente, mediante informe social valorativo, poderán ser beneficiarios destas axudas aquelas persoas empadroadas e con residencia en Xove que se atopen nunha situación de urxencia social, aínda cando non cumpran o periodo mínimo de empadroamento establecido.*

*Na unidade familiar tan só unha persoa pode ter a condición de beneficiario, aínda que a axuda se outorgue en beneficio da unidade.*

**4.- Forma de adxudicación da concesión da subvención.-***O procedemento establecido polas bases non é o xeral de concorrencia competitiva que fixa a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, pois resulta implícita nas prestacións a conceder e nas condicións sociais dos propios beneficiarios, as razóns de interese público, social, humanitarias e outras que dificultan unha convocatoria pública, de maneira que se concederán axudas aos solicitantes que cumpran cos requisitos para ser beneficiarias, na orde de presentacións das mesmas e ata o límite da contía presupostaria habilitada.*

**5.- Orzamento.-***A contía máxima destinada ás presentes axudas é de 5.000,00 € (partida 231.480 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal).*

*Ao tratarse de un procedemento administrativo que non leva aparelado o esgotamento do crédito nun só acto de concesión senón que a súa disposición se realiza en actos sucesivos, e tal e como dispón o artigo 31.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no momento do esgotamento da partida orzamentaria asignada non poderán admitirse posteriores solicitudes destinadas a participar del, salvo que se recorra a un incremento do crédito orzamentario ou se recorra a unha nova convocatoria, do xeito establecido no artigo 31.2 da lei anterior.*



*Sempre e cando se reúnan os requisitos establecidos nas seguintes bases, exceptúase o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas non sendo necesario polo tanto a comparación entre as mesmas, co límite do crédito orzamentario existente para a convocatoria.*

**6.- Contía da subvención.-***En todo caso, a determinación da contía económica concreta das axudas virá dada polas disponibilidades presupostarías existentes.*

*As contías a conceder non superarán o orzamento de gastos presentado polo solicitante de acordo coa Base Sétima. Non obstante, terán os límites anuais que se especifican a continuación:*

**Alimentación, vestido e/ou enxoval doméstico:** *Tres meses consecutivos ou ben unha vez cada catro meses ao longo do ano. Según os membros da unidade económica de convivencia o tope máximo será de:*

- *U.E.C. de 1 ou 2 membros: Ata un tope máximo de 600 euros anuais.*
- *U.E.C. de 3 membros: Ata un tope máximo de 650 euros anuais.*
- *U.E.C. de 4 membros: Ata un tope máximo de 700 euros anuais.*
- *U.E.C. de 5 ou máis membros: Ata un tope máximo de 800 euros anuais.*

**Leite maternizada e/ou pañais:** *Seis meses consecutivos ata un tope máximo de 400 euros con informe médico xustificativo da necesidade da mesma.*

**Atención sanitaria:** *3 meses consecutivos, ou ben unha vez cada catro meses ó longo do ano ata un tope máximo de 600 euros e con informe médico xustificativo de que o medicamento/tratamento, elemento protésico e/ou axudas técnicas non se poida adquirir polo Sergas. No caso que sexa posible, a emerxencia social, cubrirá ata un máximo do 50% do custo.*

**Gastos de vivenda:**

- *Habitabilidade: O importe total en ningún caso excederá de 200 euros no prazo máximo de 1 ano.*
- *Mantemento: O importe total en ningún caso excederá de 240 euros no prazo máximo de 1 ano.*
- *Impago de subministro da vivenda: O importe total en ningún caso excederá de 150 euros no prazo máximo de 1 ano.*

**Actividades extraescolares:**

*Aquelas que se leven a cabo a través das ANPAS e outras entidades de carácter social e que teñan como obxectivo a integración: ata un máximo de 200 euros por unidade económica de convivencia por curso escolar.*

*Con carácter xeral, as axudas tramitaranse para atender un só concepto, e só con carácter excepcional motivado mediante informe da traballadora social poderán especificarse varios conceptos, en cuxo caso o importe máximo da axuda será o que corresponda á suma de ambos conceptos, sen que en ningún caso podan superarse as contías máximas determinadas para a anualidade correspondente.*

**7.- Gastos subvencionables**

**1.- Situacións derivadas da falta de recursos económicos que impidan a cobertura das necesidades básicas:**

a) *Axudas paliativas de situacións de necesidade persoal tales como alimentación, roupa, vestido, axudas á escolarización, etc.*

b) *Axudas dirixidas ó mantemento da vida no propio domicilio (situacións carenciais que non se contemplan nos programas de axuda a domicilio ou de educación familiar), tales como adquisición de mobiliario ou electrodomésticos de primeira necesidade, reparacións urxentes, luz e auga corrente, creación de sanitarios, etc.*

**2.- Situacións imprevisibles de emerxencia que xeren un gasto especial, axudas de carácter puntual ás que os usuarios non podan facer fronte por carencia de recursos:**

a) *Desafiuzamentos*

b) *Incendios ou catástrofes naturais que afecten gravemente á vivenda*

c) Accidentes de calquera tipo que afecten gravemente á economía familiar e que impliquen a realización de gastos de carácter extraordinario e urxente.

3.- Situacións especiais sobrevidas por causa do padecemento dunha enfermidade grave que implique traslados, tratamentos, axudas técnicas ou calquera outra necesidade que requira gastos adicionais de importancia, e que non estean cubertas na súa totalidade polo sistema público de saúde.

4.- Situacións que provoquen ou tendan a provocar a marxinación de persoas que as padecen (drogadición, alcoholismo, persoas sen teito...)

5.- En ningún caso se concederá unha axuda de emerxencia social para o pagamento de obrigas tributarias, débedas coa Seguridade Social, multas ou taxas municipais así como gastos derivados de unha sentenza xudicial.

6.- Para o caso particular de transeúntes, poderán concederse axudas en especie consistentes en vales de comida por importe máximo de 15 euros con un tope máximo de tres vales anuais.

Igualmente, para o caso particular de persoas drogodependentes, poderán concederse axudas en especie consistentes no abono do billete de transporte para o traslado á Unidade Asistencial de Drogodependencia de Burela, condicionado á emisión de informe mensual de asistencia pola responsable da U.A.D.

**8.- Prazo e documentación xustificativa do gasto.-**As axudas concedidas deberán estar xustificadas en todo caso antes da finalización do exercicio.

As axudas concedidas xustificaranse mediante factura (ou documento xustificativo equivalente) do gasto realizado no concepto para o que foran concedidas.

Deberá aportarse ademais a seguinte documentación:

-Declaración xurada de outras axudas concedidas para a mesma finalidade por outras administracións ou entes públicos ou privados

-Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos e condicións da axuda así como da realización do gasto subvencionado e o cumprimento da finalidade para a que aquela foi concedida (modelo que se facilitará ao efecto)

- Consonte á previsión establecida no artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (salvo que pola natureza da subvención se exceptúe pola súa normativa reguladora), dado que a normativa autonómica tamén se pronuncia no mesmo sentido, exonérase do requisito de estar ao corrente das obrigas tributarias aos beneficiarios deste tipo de axudas, posto que precisamente van dirixidas a paliar situacións excepcionais de emerxencia social e coas que se pretende cubrir necesidades específicas de carácter básico e urxente, tales como gasto imprescindibles para o uso da vivenda habitual, necesidades básicas familiares ou nos que concorran outras circunstancias de gravidade, dificilmente conciliables co requisito de estar ao corrente coas obrigas tributarias.

#### **9.- Presentación de solicitudes de subvención**

a) Data límite de presentación de solicitudes: Poderán presentarse solicitudes durante todo o ano natural ata o límite máximo do crédito orzamentario.

b) **Documentación a presentar: impreso oficial completo acompañado da documentación esixida nas bases reguladoras da presente convocatoria.**

c) Lugar de presentación: As solicitudes poderán presentarse no Rexistro Municipal do Concello (Camiño Real, s/n; 27880, Xove (Lugo) ben de xeito presencial ou por calquera outro procedemento previsto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

**10.- Resolución do procedemento: Resolución de Alcaldía, previo informe-proposta da Traballadora Social, dándose cota á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que se celebre con posterioridade.**

**11.- Obrigas dos beneficiarios da subvención**

Os solicitantes das axudas están obrigados a:

- Aplicar as prestacións económicas á finalidade para a que se outorgaron
- Comunicar ao servizo social do Concello todas aquelas variacións habidas na súa situación socio-familiar, que podan modificar as circunstancias que motivaron a solicitude.
- Reintegrar o importe das prestacións indebidamente percibidas
- Comparecer ante o Concello e colaborar co mesmo cando sexa requirido para iso con motivo da xestión das prestacións de emerxencia.

**12.- Outras informacións.-No Departamento de Servizos Sociais Concello de Xove. Teléfono: 982.59.20.01**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

- 1º.- Aprobar as bases reguladoras das axudas de emerxencia social.
- 2ª.- Proceder á convocatoria pública das devanditas axudas para o exercicio 2015, de acordo coas anteriores bases reguladoras.
- 3º.- Autorizar o gasto de 5.000,00 € con cargo á partida 231.480 do Estado de Gastos para o exercicio de 2015.
- 4º.- Ordear a súa publicación na páxina web municipal e mediante anuncios no taboleiro de anuncios do concello ou calquera outro medio.

#### **D.6) CONVOCATORIA DE AXUDAS A GANDEIRÍA 2015.**

Por Secretaría dáse conta da convocatoria para as axudas á gandeiría durante o exercicio 2015 para explotacións gandeiras de gando vacún do Concello de Xove, e que se transcriben literalmente de seguido:

**“CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, DE AXUDAS PARA EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS DE GANDO VACÚN DO CONCELLO DE XOVE PARA O EXERCICIO DE 2015.-**

##### **1.- Entidade adxudicadora**

a.- Organismo: Xunta de Goberno Local do Concello de Xove

b.- Departamento que tramita o expediente: Concellaría de Agricultura, Gandería e Montes

**2.- Obxecto.-** Concesión de axudas ou subvencións para compensar aos titulares de explotacións gandeiras de gando vacún sitas no concello por perdas derivadas da morte da reses.

**3.- Beneficiarios.-** Poderán solicitar as axudas recollidas nas presentes Bases as persoas físicas ou xurídicas que consten como titulares da explotación gandeira e estean censados no Concello. (C.E. 27025....)

**4.- Forma de adxudicación da concesión da subvención:** Concorrencia non competitiva. Esta convocatoria tramitarase polo procedemento establecido no artigo 19.2º da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, tendo en conta que, polo obxecto e finalidade das axudas non será necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

Ao tratarse de un procedemento administrativo que non leva aparelado o esgotamento do crédito nun só acto de concesión senón que a súa disposición se realiza en actos sucesivos, e tal e como dispón o artigo 31.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no momento do esgotamento da partida orzamentaria asignada non poderán admitirse posteriores solicitudes destinadas a participar del, salvo que se recorra a un incremento do crédito orzamentario ou se recorra a unha nova convocatoria, do xeito establecido no artigo 31.2 da lei anterior.

**5.- Orzamento.-** A contía prevista para esta actuación na presente convocatoria é 17.000 euros con cargo á aplicación 412.489 do orzamento de 2014 prorrogado para 2015.

**6.- Contía das axudas.-** A axuda alcanzará como máximo un número de dez reses por explotación e varía en función da idade do animal de acordo co seguinte baremo:

| IDADE | AXUDA € |
|-------|---------|
|-------|---------|

|                               |     |
|-------------------------------|-----|
| <b>C) MENOS DE 1 MES</b>      | 120 |
| <i>Entre 1 e 6 meses</i>      | 200 |
| <i>Entre 6 e 9 meses</i>      | 300 |
| <i>Entre 9 meses e 2 anos</i> | 400 |
| <i>Entre 2 e 4 anos</i>       | 500 |
| <i>Entre 4 e 7 anos</i>       | 400 |
| <i>Entre 7 e 10 anos</i>      | 300 |
| <i>Entre 10 e 14 anos</i>     | 200 |
| <i>Máis de 14 anos</i>        | 0   |

Asímesmo, os abortos de máis de sete meses, percibirán 60 € por cría.

**7.- Gastos subvencionables.-**Considérase gasto subvencionable o gasto no que pode incorrer durante todo o ano o titular da explotación gandeira pola perda derivada da morte de reses, aínda que esta se producise no exercicio anterior ao da convocatoria.

**8.- Presentación de solicitudes de subvención**

- c) *Data límite de presentación de solicitudes: Poderán presentarse solicitudes durante todo o ano 2015*
- d) **Documentación a presentar: impreso oficial completo acompañado da documentación esixida nas bases reguladoras da presente convocatoria.**
- e) **Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Xove. Camiño Real, s/n; 27880, Xove (Lugo)**

Asímesmo, tamén poderán presentarse ditas instancias no rexistro e oficinas, de acordo co previsto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

**9.- Resolución do procedemento:** Xunta de Goberno Local, previo informe-proposta do Departamento de Agricultura, Gandería e Montes.

**10.- Xustificación e pagamento.-**O pago das bolsas e axudas realizarase mediante transferencia bancaria, en función das dispoñibilidades da tesourería municipal, unha vez que a Xunta de Goberno Local adopte acordo aprobatorio da concesión das mesmas.

Será requisito indispensable para o libramento da axuda aportar a seguinte documentación:

-Certificado acreditativo de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Xove

-Declaración doutras axudas obtidas para a mesma finalidade, no modelo normalizado

-Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos, obrigas e condicións necesarias para a obtención da bolsa, no modelo normalizado.

**11.- Obrigas dos beneficiarios da subvención**

Son obrigas dos beneficiarios das axudas as seguintes:

- 1.- *Consignar fielmente a documentación e os datos esixidos nas presentes Bases*
- 2.- *De revogarse a concesión dunha subvención, o beneficiario estará na obriga de reintegrar as cantidades recibidas*
- 3.- *A presentación da solicitude obriga ó solicitante á aceptación das Bases que rexen o procedemento*
- 4.- *Someterse ás actuacións de comprobación que, en relación coas axudas concedidas, se practiquen polo órgano concedente.*

**Outras informacións.-No Departamento de Agricultura, Gandería e Montes do Concello de Xove. Teléfono: 982.59.20.01**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

- 1º.- Aprobado a convocatoria da concesión de axudas para explotacións gandeiras de gando vacún do Concello de Xove para o exercicio 2015.

- 2º.- Autorizar o gasto de 17.000,00 € con cargo á partida 412.489 do Estado de Gastos para o exercicio de 2013.
- 3º.- Ordear a súa publicación na páxina web municipal e mediante anuncios no taboleiro de anuncios do concello ou calquera outro medio.

**D.7) APROBACIÓN BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DAS AXUDAS DENTRO DO PLAN DE EMPLEO MUNICIPAL PARA 2015.**

Vista proposta de Alcaldía relativa a aprobación das **bases reguladoras** do plan de emprego 2015 así como unha nova **convocatoria para axudas**, que se transcriben de seguido:

**“BASES REGULADORAS DO PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL DO CONCELLO DE XOVE E DAS AXUDAS A CONCEDER AO ABEIRO DO MESMO**

*O Concello de Xove, consonte ao previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no que sexa de aplicación, os RD 887/2006, de 21 de xullo e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, e ao obxecto de fomentar e promover o emprego no eido municipal e, polo tanto, contribuír á mellora na calidade laboral, no benestar social e no desenvolvemento económico de Xove e da súa bisbarra, formula un Plan de Emprego Municipal (en adiante, PEM), no que se definen as accións principais coas que se pretende mellorar, entre outras, dúas vertentes de desemprego no municipio como son a colocación da muller e a creación de empresas autónomas.*

*Polo tanto, no exercicio das facultades conferidas pola normativa vixente e, en especial pola Lei 7/85, de 2 de abril, fórmulanse as presentes bases que regulan o Plan de Emprego Municipal así como as axudas contidas no mesmo.*

**CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS**

**PRIMEIRA.- DEFINICIÓN DO OBXECTO.-** *Constitúe obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento de axudas a conceder ao abeiro do Plan de Emprego Municipal para facilitar ás persoas de Xove a súa incorporación ou reincorporación ao mercado de traballo.*

**SEGUNDA.- RÉXIME DE AXUDAS**

*Establécense dúas liñas de axuda no Plan de Emprego:*

- I. *Contratación*
- II. *Autoemprego*

**TERCEIRA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO.-** *A contía máxima destinada ás presentes axudas é de 70.000,00 € (partida 241.470 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal).*

*Ao tratarse de un procedemento administrativo que non leva aparelado o esgotamento do crédito nun só acto de concesión senón que a súa disposición se realiza en actos sucesivos, e tal e como dispón o artigo 31.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no momento do esgotamento da partida orzamentaria asignada non poderán admitirse posteriores solicitudes destinadas a participar del, salvo que se recorra a un incremento do crédito orzamentario ou se recorra a unha nova convocatoria, do xeito establecido no artigo 31.2 da lei anterior.*

**CUARTA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN.-** *Sempre e cando se reúnan os requisitos establecidos para cada unha das dúas liñas de axuda existentes, exceptúase o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas non sendo necesario polo tanto a comparación entre as mesmas, co límite do crédito orzamentario existente para a convocatoria.*

**QUINTA.- INSTRUCCIÓN, TRAMITACIÓN DO PROCEDUREMTO**

**1.-** *As solicitudes de participación no Plan de Emprego Municipal e para acceder á axuda correspondente deberán conter toda a documentación que se regula nas presentes Bases con carácter específico para cada liña de axuda.*

*Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación esixida, requirirase á persoas solicitante para que no prazo de 10 días emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixese, se considerará desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos.*

2.- A instrución do procedemento corresponderá ao Departamento de Emprego e Desenvolvemento Local, órgano que ditará o Informe-Proposta de Resolución debidamente motivada, que en cada caso proceda e que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias ou requirirá canta documentación adicional precise, para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos que se debe formular a proposta de resolución.

3.- A resolución notificarse aos interesados de xeito ordinario e concederáselles un prazo de 10 días para a presentación de alegacións. Prescindirase deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos ou outras alegacións e probas que as aducidas polas persoas interesadas. Neste caso, a proposta de resolución provisional formulada terá o carácter de definitiva.

4.- As propostas de resolución provisionais e definitivas non crean ningún dereito a favor da persoa beneficiaria proposta, fronte á administración, mentres non se lle notificara a resolución definitiva de concesión.

5.- A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de axudas corresponderá á Xunta de Goberno Local.

**SEXTA.- MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN.-** Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como a obtención de bonificacións da Seguridade Social ou outro tipo de axudas á contratación poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e eventualmente á súa revogación e reintegro, se fose o caso.

**SÉTIMA.- PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DOCUMENTAL.-** Fíxase un período máximo de xustificación documental para o libramento das subvencións concedidas ao abeiro do Plan de Emprego que rematará o 15 de marzo do ano seguinte ao de referencia, a non ser para as contratacións ou altas na seguridade social, no caso de autónomos, realizadas con posterioridade ao 15 de agosto, que disporán dun ano máis de prazo para solicitar o libramento desta axuda, non admitíndose xustificacións con posterioridade a estas datas, e perdéndose a subvención pola persoa adxudicataria da mesma.

**OITAVA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.-** A presentación dunha solicitude de axuda por traballadores/as ou empresarios/as supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas.

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente.

## **CAPÍTULO II. NORMAS ESPECÍFICAS PARA A LIÑA DE AXUDA DE CONTRATACIÓN**

### **PRIMEIRA.- REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES DUN POSTO DE EMPREGO AO ABEIRO DO PEM**

- 1) Poderán solicitar un posto de emprego ao abeiro do PEM as persoas que estean empadroadas e con residencia no municipio mínima de 6 meses anteriores á data de solicitude, requisito que se deberá manter durante toda a vixencia do expediente subvencionado. A tal efecto, polo órgano competente poderán recabarse cantos documentos, informes ou antecedentes sexan precisos para o coñecemento da residencia no termo municipal, ben emitidos polos servizos municipais ou por calquera outro que proceda.
- 2) Que estean anotados na OPE como demandantes de emprego ou ben como demandantes de mellora de emprego.
- 3) Que teñan máis de 16 anos.
- 4) Non poderá acceder ao PEM, quen acadase un posto de traballo subvencionado por esta axuda e o abandonase de forma voluntaria ou causase despido procedente nos últimos 24 meses, a non ser que o motivo da baixa voluntaria fose unha mellora de



*emprego. Entenderase, para estes efectos, unha mellora de emprego cando concorran algunha destas circunstancias: incremento de retribución, promoción profesional e maior proximidade ao domicilio.*

#### **SEGUNDA.- REQUISITOS DAS EMPRESAS BENEFICIARIAS DO PEM E DAS CONTRATACIÓNS REALIZADAS AO SEU ABEIRO**

1) *Poderán solicitar unha subvención ao abeiro do PEM aquelas empresas con personalidade xurídica privada calquera que sexa a súa modalidade, autónomos, sociedades civís, unións temporais de empresas, comunidades de bens, fundacións e asociacións aínda carentes de personalidade xurídica, que desexen contratar a unha ou máis persoas que reúnan os requisitos antes referidos, sempre que o contrato sexa de duración mínima inicial de seis meses. Ademais, no caso particular das UTEs, cada empresa que forme parte desta unión deberá reunir os requisitos esixidos para acceder ás axudas.*

*Quedan excluídas en calquera caso, aquelas entidades, empresas ou autónomos prestadores de servizos ao Concello de Xove a través da modalidade contractual de xestión ou prestación de servizos recollidas na lexislación de contratos.*

*Igualmente quedan excluídas da posibilidade de ser beneficiarias destas axudas as administracións públicas, sociedades públicas ou calquera outro tipo de ente dependente, vinculado ou con participación de unha administración pública.*

*En ningún caso se subvencionarán contratacións que non teñan esta contratación mínima inicial, incluídos os contratos de obra que non teñan data concreta de finalización que tampouco se subvencionarán en ningún caso.*

2) *Que non despedisen á mesma persoa para posteriormente acollerse ao PEM, aínda que sexa a través de empresas do mesmo grupo. Achegarán declaración ao respecto.*

3) *Que a empresa ou empresas do mesmo grupo non tivese contratada á mesma persoa acollida ao PEM para calquera das empresas do grupo nos últimos 24 meses. Achegarán declaración ao respecto.*

4) *Que a empresa ou empresas do mesmo grupo, é dicir coa mesma representación, non esgotase os anos de subvención correspondentes do PEM por expediente subvencionado e solicite novamente para a mesma persoa. Achegarán declaración ao respecto.*

5) *Que a empresa ou empresas do mesmo grupo, é dicir coa mesma representación, non esgotase os anos de subvención correspondentes do PEM por expediente subvencionado e substitúa a persoa subvencionada para solicitar unha nova contratación sen manter con carácter fixo, o posto de emprego anteriormente subvencionado. Achegarán declaración ao respecto.*

6) *Que a empresa ou empresas do mesmo grupo non tivese contratado á mesma persoa durante un período superior a tres anos en calquera das empresas do grupo.*

7) *Que estea ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e co Concello de Xove así como coa Seguridade Social. Este requisito poderá acreditarse no momento da solicitude mediante a presentación dunha declaración xurada que se facilitará ao efecto. Non obstante, no momento da xustificación previo o pagamento da axuda, deberán aportarse os correspondentes certificados emitidos polos órganos competentes.*

8) *Que non se atope incurso en prohibición para obter a condición de beneficiaria, o que se acreditará mediante a sinatura dunha declaración xurada no modelo que se facilitará ao efecto*

9) *Que se comprometa a comunicar ao Concello a concesión de calquera axuda ou subvención de entes públicos ou privados para a mesma finalidade, no modelo que se facilitará ao efecto.*

#### **TERCEIRA.- CONTÍA DAS AXUDAS**

1.- Establécese un período máximo, de tres anos, tanto para as contratacións indefinidas coma para as temporais, para efectuar libramentos ás empresas que realizasen contratacións ao abeiro do PEM.

2.- As empresas que contraten persoal veciño de Xove ao abeiro do PEM, poderán acollerse a unha subvención por cada persoa contratada, segundo as modalidades existentes:

1.1.- Subvención a contratacións laborais indefinidas: no caso da contratación dun home, máximo de 5.400 para os tres primeiros anos; ata un máximo anual de 1.800 euros. No caso dunha muller, máximo de 6.300 para os tres primeiros anos e ata un máximo anual de 2.100 euros.

1.2.- Subvención a contratacións laborais temporais de seis ou máis meses de duración: no caso da contratación dun home, máximo de 3.000 euros para os tres primeiros anos; ata un máximo anual de 1.000 euros. No caso dunha muller, máximo de 3.900 euros para os tres primeiros anos; ata un máximo anual de 1.300 euros.

3.- Cando as contratacións sexan inferiores aos 12 meses e/ou á xornada a tempo completo establecida en cada caso, a contía da subvención correspondente calcularase de forma proporcional.

#### **CUARTA.- COMPATIBILIDADES**

O Plan de Emprego Municipal é compatible con calquera outra subvención para a mesma finalidade, sempre e cando, conxuntamente, non supere o 100% dos custes laborais da contratación subvencionada.

#### **QUINTA.- SOLICITUDE DUN POSTO DE TRABALLO**

Aquelas persoas que cumprindo os requisitos, queiran solicitar un posto de emprego ao abeiro do PEM, poderán facelo durante todo o ano, e deberán aportar a seguinte documentación:

- DNI
- Tarxeta da Oficina de Emprego, que será de demanda ou de mellora de emprego.
- Informe de Vida Laboral actualizado ou Informe negativo se non ten ningún día cotizado.
- Documentación acreditativa do motivo de finalización dunha contratación subvencionada ao abeiro do PEM nos 24 meses anteriores á presente solicitude, se é o caso.
- Certificado de Residencia (a solicitar pola Administración).

Para manter a solicitude actualizada, debe cotexarse a tarxeta de emprego no Departamento de Emprego e Desenvolvemento Local, cada vez que esta sexa selada na Oficina Pública de Emprego, ademais, cada ano natural debe renovarse a solicitude.

#### **SEXTA.- SOLICITUDE DUNHA CONTRATACIÓN SUBVENCIONADA**

As empresas interesadas deberán solicitar ao Concello o número de persoas que desexan contratar, indicando as condicións profesionais que deben reunir; así como a remuneración aproximada que van percibir.

O prazo para a solicitude de contratación ao abeiro do Plan de Emprego está aberto durante todo o ano, pero será obrigatorio formalizar a solicitude dentro do prazo de un mes contado a partires da data de alta na Seguridade Social. Se no período de proba a empresa decidise prescindir dos servizos da persoa contratada, poderá solicitar outra ao Concello, que sexa solicitante así mesmo do PEM.

#### **SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO**

Despois da notificación do acordo de concesión da axuda, as empresa contratantes presentarán no Concello unha copia de cada contrato efectuado ao abeiro desta subvención.

Para o libramento da axuda correspondente a empresa aportará a seguinte documentación:

- Copia das transferencias bancarias das nóminas aboadas á persoa traballadora.
- TC1 e TC2 de todos os meses dos que solicita cobro.

- *Certificado acreditativo de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Estado, Comunidade Autónoma e Concello de Xove), e coa Seguridade Social a nome da empresa.*
- *Declaración doutras axudas en modelo normalizado do Concello de Xove.*
- *Certificación expedida pola entidade bancaria no que conste o número de conta e titular da mesma*
- *Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos e condicións da subvención así como da realización da actividade ou proxecto subvencionable e o cumprimento da finalidade para a que aquela foi concedida. (Modelo que se facilitarán ao efecto).*

*O prazo para solicitar libramentos comenzará ao día seguinte da aprobación da convocatoria anual e abarcará ata o 15 de marzo do ano seguinte ao de referencia, é dicir: o cobro de cada ano solicitarase antes do 15 de marzo do ano seguinte.*

*As contratacións realizadas on posterioridade ao 15 de agosto disporán dun ano máis de prazo para solicitar o libramento desta axuda, non admitíndose xustificacións con posterioridade a estas datas e perdéndose a subvención pola persoa adxudicataria da mesma.*

*O aboamento da subvención, unha vez aprobada a documentación xustificativa desta, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada pola persoa solicitante. Non se procederá ao seu aboamento se a solicitante non está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.*

#### **OITAVA.- OBRIGAS**

*Son obrigas das persoas solicitantes dun posto de emprego:*

- 1) *Manter actualizada a súa solicitude, cotexando a tarxeta de emprego cada vez que se sela na Oficina de Emprego e renovando a solicitude para cada exercicio.*
- 2) *Comunicar a obtención dun posto de traballo ou calquera modificación reflectida na solicitude.*

*Son obrigas das empresas beneficiarias:*

- 1) *Manter actualizado o expediente.*
- 2) *Comunicar calquera modificación tida en conta para a concesión da subvención.*
- 3) *Presentar toda a documentación que sexa requirida desde o Concello.*
- 4) *Cumprir a normativa laboral e de seguridade social.*

### **CAPÍTULO III. NORMAS ESPECÍFICAS PARA A LIÑA DE AXUDA DE AUTOEMPREGO**

#### **PRIMEIRA.- REQUISITOS**

- 1) *Poderán solicitar unha subvención ao abeiro do PEM aquelas persoas que estean empadroadas e con residencia no municipio mínima de 6 meses anteriores á data de solicitude, requisito que se deberá manter durante toda a vixencia do expediente subvencionado que, de conformidade con estas bases e seguindo o procedemento establecido nas mesmas, creen o seu posto de traballo sempre que se dean de alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional, ou creen unha sociedade. A tal efecto, polo órgano competente poderán recadarse cantos documentos, informes ou antecedentes sexan precisos para o coñecemento da residencia no termo municipal, ben emitidos polos servizos municipais ou por calquera outro que proceda.*
- 2) *Que no momento anterior á alta no Réxime Especial de Autónomos ou outro anteriormente referido estean anotados na OPE como demandantes de emprego.*
- 3) *Que teñan máis de 16 anos.*
- 4) *Que non percibisen esta mesma subvención nos catro anos anteriores á data do inicio da nova actividade. Achegarán declaración ao respecto.*

5) *Que non desenvolvesen como autónomas a mesma ou similar actividade na mesma localidade, nos 6 meses anteriores á data de inicio de actividade. Achegarán declaración ao respecto.*

6) *Que a actividade se dea de alta no IAE con enderezo no municipio de Xove. Para estes efectos entenderase por mesma ou similar actividade a coincidencia ao nivel de 3 díxitos da Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE)*

#### **SEGUNDA.- AXUDAS**

*Establécese un período máximo para efectuar libramentos de tres anos para as altas de autónomos ao abeiro do PEM.*

*As persoas beneficiarias deste plan poderán acollerse a unha subvención equivalente ao importe da súa Seguridade Social co límite máximo de 5.400 euros para os tres primeiros anos (límite máximo anual de 1.800 €) no caso dun home e 6.300 euros (límite máximo anual de 2.100 €) para unha muller.*

#### **TERCEIRA.- COMPATIBILIDADES**

*O Plan de Emprego Municipal é compatible con calquera outra subvención para a mesma finalidade, sempre e cando, conxuntamente, non supere o 100% dos custes da actividade da persoa autónoma.*

**CUARTA.- SOLICITUDES.-***Aquelas persoas que cumprindo os requisitos, queiran solicitar unha subvención ao abeiro desta modalidade do PEM, poderán facelo durante todo o ano, e deberán aportar a seguinte documentación:*

- *DNI*
- *Tarxeta da Oficina de Emprego, que será de demanda ou de mellora de emprego.*
- *Informe de Vida Laboral actualizado ou Informe negativo senón ten ningún día cotizado.*
- *Declaración de cumprimento de requisitos.*
- *Declaración de non ter débedas coa Facenda Estatal, Autonómica e Concello de Xove, así como coa Seguridade Social, no modelo que se facilitará ao efecto.*
- *Proxecto empresarial.*
- *Declaración xurada de non atoparse incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario, no modelo que se facilitará ao efecto.*
- *Compromiso firme de comunicar ao Concello a concesión de calquera axuda ou subvención de entes públicos ou privados para a mesma finalidade, no modelo que se facilitará ao efecto.*

*O prazo para a solicitude de contratación ao abeiro do Plan de Emprego está aberto durante todo o ano, pero será obrigatorio formalizar a solicitude dentro do prazo de dous meses contados a partires da data de alta na Seguridade Social.*

**QUINTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.-***Despois da notificación do acordo de concesión da axuda, a persoa autónoma presentará no Concello unha copia da alta na Seguridade Social que non poderá ser máis de dous meses posterior á data de solicitude desta Subvención.*

*Para o libramento da axuda correspondente a persoa autónoma aportará a seguinte documentación:*

- *Recibos de pago de Seguridade Social de todos os meses.*
- *Certificado acreditativo de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Estado, Comunidade Autónoma e Concello de Xove), e coa Seguridade Social a nome da persoa e se é o caso da empresa.*
- *Declaración doutras axudas en modelo normalizado do Concello de Xove.*
- *Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos e condicións da subvención así como da realización da actividade ou proxecto subvencionable e o cumprimento da finalidade para a que aquela foi concedida. (Modelo que se facilitarán ao efecto).*

O prazo para solicitar libramentos comenzará ao día seguinte da aprobación da convocatoria anual e abarcará ata o 15 de marzo do ano seguinte ao de referencia, é dicir: o cobro de cada ano solicitarase antes do 15 de marzo do ano seguinte. O período mínimo de alta na S.S. será de doce meses. As altas na Seguridade Social realizadas con posterioridade ao 1 de marzo disporán dun ano máis de prazo para solicitar o libramento desta axuda, non admitíndose xustificacións con posterioridade a estas datas e perdéndose a subvención pola persoa adxudicataria da mesma. Cando o tempo de permanencia como alta na Seguridade Social do segundo e/ou terceiro ano sexa inferior aos 12 meses, a contía da subvención correspondente calcularase de forma proporcional. O aboamento da subvención, unha vez aprobada a documentación xustificativa desta, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada polo solicitante. Non se procederá ao seu aboamento se a persoa solicitante non está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

#### **SEXTA.- OBRIGAS**

- 1) Manter actualizado expediente, solicitando prórroga para cada exercicio.
- 2) Comunicar calquera modificación tida en conta para a concesión da subvención.
- 3) Presentar toda a documentación que sexa requirida desde o Concello.
- 4) Cumprir a normativa de seguridade social.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL.**-En calquera caso corresponderán ao Concello de Xove as competencias de interpretación do contido das presentes Bases e a resolución previo informe, se é o caso, dos servizos municipais de emprego, de cantas dúbidas e/ou reclamacións poidan presentarse na aplicación das mesmas.

**DISPOSICIÓN TRANSITORIA.**-Todos aqueles expedientes que se atopen en tramitación ao abeiro das anteriores Bases seguirán rexéndose polas mesmas ata a súa completa finalización.

**DISPOSICIÓN FINAL.**-As presentes Bases entrarán en vigor e comenzarán a aplicarse o día seguinte da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, que deberá coincidir co día de publicación na páxina web do Concello de Xove [www.xove.es](http://www.xove.es) e permanecerán en vigor para os vindeiros exercicios en tanto en canto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas. “

### **“CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DE SUBVENCIÓNS AO ABEIRO DO PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL (ANUALIDADE 2015)”**

#### **1.- Entidade adxudicadora**

a.- Organismo: Xunta de Goberno Local do Concello de Xove

b.- Departamento que tramita o expediente: Departamento de Emprego

**2.- Obxecto.**- Concesión de subvencións para fomento da contratación laboral e do autoemprego ao abeiro do Plan de Emprego Municipal

**3.- Beneficiarios.**- Empresas con personalidade xurídica privada calquera que sexa a súa modalidade, autónomos, sociedades civís, unións temporais de empresas, comunidades de bens, fundacións e asociacións aínda carentes de personalidade xurídica, que desexen contratar a unha ou máis persoas que reúnan os requisitos esixidos, sempre que o contrato sexa de duración mínima inicial de seis meses.

Para a liña de autoemprego, persoas que estean empadroadas e con residencia no municipio mínima de 6 meses anteriores á data de solicitude.

**4.- Forma de adxudicación da concesión da subvención:** Concorrencia competitiva. Ao tratarse de un procedemento administrativo que non leva aparelado o esgotamento do crédito nun só acto de concesión senón que a súa disposición se realiza en actos sucesivos, e tal e como dispón o artigo 31.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no momento do esgotamento da partida orzamentaria asignada non poderán admitirse posteriores solicitudes destinadas a

*participar del, salvo que se recorra a un incremento do crédito orzamentario ou se recorra a unha nova convocatoria, do xeito establecido no artigo 31.2 da lei anterior.*

*5.- Orzamento.-A contía prevista para esta actuación na presente convocatoria é 70.000 euros con cargo á aplicación 241.470 do Orzamento Municipal de 2014 prorrogado para 2015.*

**6.- Contía da subvención**

*6.1.- Contratacións laborais indefinidas: no caso da contratación de un home, máximo de 5.400 para os tres anos; ata un máximo anual de 1.800 euros. No caso de unha muller, máximo de 6.300 para os tres anos e ata un máximo anual de 2.100 euros.*

*6.2.- Contratacións laborais temporais de seis ou máis meses de duración: no caso da contratación de un home, máximo de 3.000 euros para os tres anos; ata un máximo anual de 1.000 euros. No caso de unha muller, máximo de 3.900 euros para os tres anos; ata un máximo anual de 1.300 euros.*

*6.3.- Autoemprego: axuda equivalente ao importe da súa Seguridade Social co límite máximo de 5.400 euros para os tres anos (límite máximo anual de 1.800 €) no caso de un home e 6.300 euros (límite máximo anual de 2.100 €) para unha muller.*

*7.- Gastos subvencionables.- Son subvencionables os gastos nos que se incorre pola contratación de persoal indefinido ou temporal ou polo autoemprego que teñan lugar desde o 1 de xaneiro de 2015.*

*8.- Prazo e forma de xustificación.- Fíxase un período máximo de xustificación documental para o libramento das subvencións concedidas ao abeiro do Plan de Emprego que rematará o 15 de marzo do ano seguinte ao de referencia, a non ser para as contratacións ou altas na seguridade social, no caso de autónomos, realizadas con posterioridade ao 15 de agosto, que disporán dun ano máis de prazo para solicitar o libramento desta axuda, non admitíndose xustificacións con posterioridade a estas datas, e perdéndose a subvención polo adxudicatario da mesma.*

**Para o caso de contratacións laborais**

*Despois da notificación do acordo de concesión da axuda, as empresa contratantes presentarán no Concello unha copia de cada contrato efectuado ao abeiro desta subvención.*

*Para o libramento da axuda correspondente a empresa aportará a seguinte documentación:*

- *Copia das transferencias bancarias das nóminas aboadas á persoa traballadora.*
- *TC1 e TC2 de todos os meses dos que solicita cobro.*
- *Certificado acreditativo de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Estado, Comunidade Autónoma e Concello de Xove), e coa Seguridade Social a nome da empresa.*
- *Declaración doutras axudas en modelo normalizado do Concello de Xove.*
- *Certificación expedida pola entidade bancaria no que conste o número de conta e titular da mesma*
- *O prazo para solicitar libramentos comenará ao día seguinte da aprobación da convocatoria anual e abarcará ata o 15 de marzo do ano seguinte ao de referencia, é dicir: o cobro de cada ano solicitarase antes do 15 de marzo do ano seguinte*
- *Con carácter excepcional e debidamente motivado poderán, non obstante pola Xunta de Goberno Local para casos específicos de subvención a unha empresa dun número elevado de traballadores cunha repercusión económica notable, efectuarse libramentos bimestrais ou trimestrais previa acreditación do pago das nóminas e do ingreso dos seguros sociais ca Tesourería da Seguridade Social.*

**Para o caso de autoemprego**

*Despois da notificación do acordo de concesión da axuda, a persoa autónoma presentará no Concello unha copia da alta na Seguridade Social que non poderá ser máis de dous meses posterior á data de solicitude desta subvención.*

*Para o libramento da axuda correspondente a persoa autónoma aportará a seguinte documentación:*



- *Recibos de pago de Seguridade Social de todos os meses.*
- *Certificado acreditativo de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Estado, Comunidade Autónoma e Concello de Xove), e coa Seguridade Social a nome da persoa e se é o caso da empresa.*
- *Declaración doutras axudas en modelo normalizado do Concello de Xove.*
- *O prazo para solicitar libramentos vai desde o día seguinte ao da aprobación da convocatoria anual e abarcará ata o 15 de marzo do ano seguinte ao de referencia, é dicir: o cobro de cada ano solicitarase antes do 15 de marzo do ano seguinte.*

*O período mínimo de alta na S.S. será de doce meses.*

*Para ámbalas dúas modalidades de subvención, o aboamento da subvención, unha vez aprobada a documentación xustificativa desta, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada polo solicitante. Non se procederá ao seu aboamento se o solicitante non está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.*

*9.- Presentación de solicitudes de subvención*

*f) Data límite de presentación de solicitudes:*

*-Para o caso de contratacións: O prazo está aberto durante todo o ano, pero será obrigatorio formalizar a solicitude dentro do prazo de un mes contado a partir da data de alta na Seguridade Social. Se no período de proba a empresa decidise prescindir dos servizos da persoa contratada, poderá solicitar outra ao Concello, que sexa solicitante así mesmo do PEM.*

*-Para o caso de autoemprego: O prazo para solicitalo está aberto durante todo o ano, e cada persoa debe facelo dentro dos dous meses contados desde a data de alta na Seguridade Social.*

*g) Documentación a presentar: impreso oficial completo acompañado da documentación esixida nas bases reguladoras da presente convocatoria.*

*h) Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Xove. Camiño Real, s/n; 27880, Xove (Lugo)*

*10.- Resolución do procedemento: Xunta de Goberno Local, previo informe-proposta da Axente de Emprego e Desenvolvemento Local*

*11.- Obrigas dos beneficiarios da subvención*

**Para o caso de contratacións laborais**

*5) Manter actualizado o expediente, solicitando prórroga para cada exercicio, se é o caso.*

*6) Comunicar calquera modificación tida en conta para a concesión da subvención.*

*7) Presentar toda a documentación que sexa requirida desde o Concello.*

*8) Cumprir a normativa laboral e de seguridade social.*

*Calqueira outras obrigas esixidas nas Bases da convocatoria.*

**Para o caso de autoemprego**

*5) Manter actualizado expediente, solicitando prórroga para cada exercicio.*

*6) Comunicar calquera modificación tida en conta para a concesión da subvención.*

*7) Presentar toda a documentación que sexa requirida desde o Concello.*

*8) Cumprir a normativa de seguridade social.*

*Calqueira outras obrigas esixidas nas Bases da convocatoria.*

*12.- Outras informacións.- No Departamento de Emprego do Concello de Xove. Teléfono: 982.59.20.01”*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Aproba-las Bases Reguladoras do Plan de Emprego Municipal do Concello de Xove, e das axudas a conceder ó abeiro do mesmo.

2º) Proceder á convocatoria pública das axudas do Plan de Emprego Municipal para o exercicio 2014, de acordo coas anteriores bases reguladoras.

3º) Autorizar o gasto de 60.000,00 € con á partida 241.470 do Estado de Gastos do 2014, prorrogado para o 2015.

4º) Ordear a súa publicación na páxina web municipal e mediante anuncios no taboeiro de anuncios do concello ou calquera outro medio.

#### **D.8) APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E DA CONVOCATORIA PARA A CONCESION DOS PREMIOS DO CONCURSO DE CONFECCION DE UN ANAGRAMA PARA O DEPORTE MUNICIPAL.**

Por Secretaría dáse conta das bases e da convocatoria que se transcriben de seguido:

#### **BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE CONFECCIÓN DE UN ANAGRAMA PARA O DEPORTE MUNICIPAL**

O Concello de Xove, consonte ao previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no que sexa de aplicación, os RD 887/2006, de 21 de xullo e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, e ao obxecto de incentivar a participación cidadá no deseño de logos institucionais, establece as normas reguladoras da participación, as axudas económicas e dos premios que se outorgarán aos participantes que interveñan nos citados actos, de acordo coas seguintes

##### **BASES**

**PRIMEIRA.- DEFINICIÓN DO OBXECTO.-** Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento do premio do concurso de deseño dun anagrama, logo ou similar do Deporte Municipal organizado polo Concello de Xove.

**SEGUNDA.- REQUISITOS DOS PARTICIPANTES.-** Poderá participar no concurso e ser beneficiario deste premio calquera persoa empadroada no Concello de Xove ou ben que practique algunha modalidade deportiva dentro das diferentes Asociacións Deportivas inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións así como nas Escolas Deportivas Municipais.

A documentación a presentar será a seguinte:

- Ficha de inscrición establecida ao efecto con número de Rexistro.
- Fotocopia do DNI do autor-a
- Anagrama, logo ou similar en formato impreso e/ou dixital.
- Ficha Técnica (breve descrición do logo ou anagrama)

- No caso de participantes menores de idade, deberase entregar ademais unha fotocopia do DNI do pai/nai/titor-a.

-No caso de participantes que non estean inscritos en ningunha asociación, deberán entregar un certificado de empadroamento

#### **TERCEIRA.- NORMAS DE ELABORACIÓN DO ANAGRAMA OU LOGO.**

- Temática: O anagrama, logo ou similar deberá estar relacionado coa Actividades Física e o Deporte.

- Os deseños deberán ser orixinais e inéditos realizados polos propios participantes. En ningún caso se aceptarán deseños copiados ou realizados por persoas distintas das participantes. No caso de que a organización comprobe algunha irregularidade na presentación dos deseños (copias ou non autoría) suporá a inmediata eliminación do participante no concurso.

Cada participante poderá entregar un único deseño.

Tamaño máximo formato impreso: 50x40cm

**REQUISITOS DESEÑOS PRESENTADOS EN PAPEL:-** Máximo 4 cores

**REQUISITOS DESEÑOS PRESENTADOS EN FORMATO DIXITAL:-** Mínimo 300 puntos por pulgadas.

**CUARTA.- COMPOSICIÓN DO XURADO.-** O xurado estará composto por dous membros de cada unha das Asociacións Deportivas Inscritas no Rexistro Municipal, así como os representantes da Xunta de Goberno Local do Concello de Xove.

**QUINTA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO .-** A contía máxima destinada ao presente premio é de 100€(partida 341.481 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal para 2014)

**SEXTA.- PREMIO.-**Haberá unha única categoría.

O premio consistirán nun lote de libros, material escolar ou deportivo valorado en 100 €

O autor cederá tódolos seus dereitos sobre a súa obra ao Concello de Xove. O anagrama, logo ou similar premiado será seleccionado como Logo institucional do Deporte do Concello de Xove.

De acordo co RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, o premio que se conceda non está suxeito a retención.

**SÉTIMA.- PROCEDIMENTO DE ENTREGA DE PREMIOS**

Unha vez rematado o prazo de entrega, o xurado reunirse durante o mes de marzo e levantará acta na que conste o premiado.

Sobre a acta do xurado, emitirase informe-proposta polo responsable do Departamento de Deportes do Concello de Xove, que se elevará á Xunta de Goberno Local, órgano competente para a concesión dos premios.

O fallo do xurado darase a coñecer durante a semana na que se realice a presentación da Iª GALA DO DEPORTE DO CONCELLO DE XOVE.

A entrega do premio ao gañador farase coincidir coa celebración de dita Gala.

Pola súa consideración de premio en especie, o establecemento ou establecementos comerciais nos que se adquiran os lotes de libros ou material escolar, deberá emitir factura a nome do beneficiario do premio ou do seu titor legal. Non obstante, dita factura será abonada polo Concello.

**OITAVA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A presentación da ficha de inscrición supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas.

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente á xestión e tramitación do expediente correspondente.

**DISPOSICIÓN FINAL.-**As presentes Bases permanecerán en vigor para os vindeiros exercicios en tanto en canto non se chegue a un acordo entre xurado na elección do anagrama, ou non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

## **CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS DO CONCURSO DE CONFECCIÓN DE UN ANAGRAMA PARA O DEPORTE MUNICIPAL**

O Concello de Xove, dentro do marco das competencias que ten atribuídas pola lexislación vixente ten como obxectivo potenciar a participación cidadá no deseño de logos institucionais, e realiza para tal fin a convocatoria de premios do Concurso de Confección de un anagrama para o deporte municipal, coas seguintes especificacións:

### **1.- Entidade adxudicadora**

a.- Organismo: Xunta de Goberno Local do Concello de Xove

b.- Departamento que tramita o expediente: Concellería de Deporte

### **2.- Obxecto**

Concesión de premios do concurso de confección de un anagrama para o deporte municipal

### **3.- Orzamento**

A contía máxima prevista destinada aos presentes premios é de 100,00 € con cargo á partida 341.481 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal de 2014 prorrogado para 2015.

### **4.- Contía dos premios**

Haberá unha única categoría.

O premio consistirán nun lote de libros, material escolar ou deportivo valorado en 100 euros.

O autor cederá tódolos seus dereitos sobre a súa obra ao Concello de Xove. O anagrama, logo ou similar premiado será seleccionado como Logo institucional do Deporte do Concello de Xove.

De acordo co RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, non están suxeitos a retención ningún dos anteriores premios.

#### **5.- Requisitos dos participantes**

Poderá participar no concurso e ser beneficiario deste premio calquera persoa empadroadada no Concello de Xove ou ben que practique algunha modalidade deportiva dentro das diferentes Asociacións Deportivas inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións así como nas Escolas Deportivas Municipais.

A documentación a presentar será a seguinte:

- Ficha de inscrición establecida ao efecto con número de Rexistro.
- Fotocopia do DNI do autor-a
- Anagrama, logo ou similar en formato impreso e/ou dixital.
- Ficha Técnica (breve descrición do logo ou anagrama)
- No caso de participantes menores de idade, deberase entregar ademais unha fotocopia do DNI do pai/nai/titor-a.

-No caso de participantes que non estean inscritos en ningunha asociación, deberán entregar un certificado de empadramento

Toda esta documentación entregárase no Rexistro de Entrada do Concello de Xove coa data límite do 28 de Febreiro inclusive.

#### **6.- Procedemento de entrega de premios**

Unha vez rematado o prazo de entrega, o xurado reunírase durante o mes de marzo e levantará acta na que conste o premiado.

Sobre a acta do xurado, emitírase informe-proposta polo responsable do Departamento de Deportes do Concello de Xove, que se elevará á Xunta de Goberno Local, órgano competente para a concesión dos premios.

O fallo do xurado darase a coñecer durante a semana na que se realice a presentación da Iª GALA DO DEPORTE DO CONCELLO DE XOVE.

A entrega do premio ao gañador farase coincidir coa celebración de dita Gala.

Pola súa consideración de premio en especie, o establecemento ou establecementos comerciais nos que se adquiran os lotes de libros ou material escolar, deberá emitir factura a nomes do beneficiario do premio ou do seu titor legal. Non obstante, dita factura será abonada polo Concello.

**8.-Outras informacións.-** Concelleira de Deporte e Turismo. Tfno. 982.59.20.01

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º.- Aprobar as bases reguladoras da concesión de Premios do Concurso de Confección de un anagrama para o deporte municipal, así como a convocatoria para o exercicio 2015

2º.- Autorizar o gasto de 100,00 euros con cargo á partida 341.481 do Estado de Gastos para o exercicio de 2014 prorrogado para 2015.

3º.- Ordear a súa publicación na páxina web municipal e mediante anuncios no tabolerio de anuncios do concello ou calquera outro medio

Sen máis asuntos que tratar, sendo as doce horas e trinta minutos, polo Sr. Alcalde-Presidente, remátase a sesión, extendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, dou fé.

Vº e PR

**O ALCALDE,**

**O SECRETARIO,**

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo. Luís María Fernández del Olmo.